

AS CASAS REALES DE CIMADEVILLA OU DO CORREXIDOR

por *Olga Gallego Domínguez*
e *Francisco Fariña Busto*

A arquitectura civil e mailo entramado urbano da Cidade de Ourense aínda non é ben coñecido en tódalas súas facianas e perviven moitas incógnitas e dúbidas, tanto no que afecta a súa orixe como ó desenrolo medieval, en contraste aberto con outras cidades galegas. Isto pódese deber ó feito de estaren moi alterados os restos conservados e a que dos recantos que marcaron o selo dun OURENSE PERDURABLE, como o definiron Risco, Ferro e Otero¹, somentes existen amósegas, razón que fai máis urxente aínda o que a protección deses restos se faga rápida e eficazmente que evite novos derribos como o recente da Casa dos Encinas e se busquen solucións nun programa global de recuperación do que se ven chamando conxunto monumental e histórico-artístico, e que se declarou como tal por decreto de 25 de setembro de 1974 nos seus lindes e edificios singulares nos que compre incluír con urxencia as Casas Reales de Cimadevila ou Casas do Correxidor, respecto das que hai numerosas referencias documentais e que, agora, podemos vencellar cunhas estruturas constructivas que aínda están en pé, anque malferidas do abandono.

Os anos finais do século XV supuxeron fortes quebrantos e importantes revulsivos sociais en toda Galicia, e logo das Guerras Irmandiñas xurdiron novas construción en totalas vilas amáis de refacerse algunhas das fortalezas señoriais. Ourense, anque dun xeito menor do que a Ponte-

1.- V. RISCO. *El Orense perdurable*: Ourense 1981. Dibujos de J. Conde Corbal; prólogo de R. Otero Pedrayo e itinerario histórico y artístico de J. Ferro Coucelo. Hai unha segunda edición de 1984. X. FERRO COUSELO, *Del Orense monumental*. Ourense 1964, con dibujos de J. Conde Corbal.

vedra dos Mareantes ou Santiago cos Fonsecaas, coñecen tamén un novo pulo que se traduciu nun florecer urbano e unha revitalización social a pesares dos estancamentos cíclicos que impuñan as epidemias e pestes como xa suliu no seu día Olga Gallego². Exemplos deste renacer urbano hainos de carácter relixioso e tamén, quizáis por vez primeira cun definido carácter, de construcións civís, laicas; así a carón da Capela de San Xoan na Catedral, o Cimborrio e capelas e reformas varias, as Torres de Trinidad, a ermida dos Remedios ou a dos Santos Cosme e Damián ou do Hospital de San Roque vemos as casas dos Cadórnigas, dos Deza, dos Méndez Montouto e Sotelo, o pazo dos Oca, a coñecida como casa de María Andrea, etc..., e nas que compre incluír outras reformas urbanas que se poden seguir nos traballos de X. Ferro e Olga Gallego³, pero tamén noutros que os siguen⁴. No social, a afirmación do Concello da Cidade fronte o señorío do Bispo, no que compre incluír a construción das Casas Consistoriais na Praza do Campo, fronte do Pazo do Bispo, e os pleitos polo Señorío da Cidade, polo Couto e polo paso e servicios das rúas que atravesaban o Pazo, Torres e Curral do Bispo e que se coñece como pleito do Curral. No medio destas angueiras apareceron en Ourense os Corredores.

As Casas Reales de Cimadevila

A investigación é unha longa escada na que o derradeiro peldaño non se acada nunca. Todo coñecemento apóiase noutros sen os que non se comprendería. Non se poden dar saltos no vacío. Estas reflexións veñen en razón das Casas do Corredor da Cidade de Ourense, das que se coñecía a súa existencia de antigo pero das que pouco máis dunha situación aproximada na Praza do seu nome, cicáis na casa do número 16, onde campeaba un escudo, reaproveitado hoxe nunha fachada moderna da construción que a substituíu. Emporiso, a casualidade permitiunos visi-

2.- Olga GALLEGO: "La peste en Orense desde el siglo XIV al XIX" B. Aur. III (1973) 15-56. Tamén IDEM, Demografía ourensana desde el siglo XIV al XIX" B. Aur. IV (1974), 83-90.

3.- X. FERRO COUSELO, *Visión urbanística del Orense antiguo*, Ourense 1987, que recolle un artigo publicado en LA REGION 9-06-1955. Extraordinario de las Fiestas del Corpus. Moitas referencias documentais en X. FERRO COUSELO. *A vida e a fala dos devanceiros*. Escolma de documentos en galego dos séculos XIII ao XVI. I Terras de Ourense. Vol. I-II. Vigo. Galaxia. 1967.

Cfr. Olga GALLEGO DOMINGUEZ. "Torres, puertas y cerca de la ciudad de Orense" B. Aur. II(1972) 241-278; "Notas sobre algunas ermitas ourensanas" B. Aur VI (1976), 207-264; "Las Casas Consistoriales de la ciudad de Orense" B. Aur. X (a.980), 107-118.

4.- Así por exemplo M. NUÑEZ RODRIGUEZ. "El Centro histórico de Orense en el siglo XVI (arquitectura civil) en *Boletín C.O.A.G.* 8(19), 3-16. A. LOPEZ CARRERA, A estrutura urbana de Ourense no século XV" *Actas do II Seminario de Arqueología del Noroeste*, Santiago de Compostela 1980. Madrid, 1983. 315-335. Iago SEARA MORALES; "Evolución histórica da cidade de Ourense" en *Galicia. Patrimonio arquitectónico, cidade e temtorio*. II-III Xornadas de arquitectura galega. C.O.A.G. Santiago. 1984. 20-36.

tala no seu estado de ruina, do que debe saír por mor da súa historia, e do valor dos elementos constructivos aínda en pé, pero xa cortados por un murete recente (construído en abril do 88) que impide a súa visita.

Os restos conservados fican englobados na traseira de dous construcións que forman o ángulo SE. da Praza do Correxidor, nos números 16 e 17, seguindo o ángulo do que é patio interior dunha construción con varias fases e que no fronte exterior, reformado xa con amplitude no século XIX e aínda máis en data recente, luce o escudo real que debía coroar a entrada orixinaria.

Agora ben, as fachadas exteriores, sobre a praza, non revelan o que se ve no interior. No efecto, pasando un portalón chégase a un patio interior no que se recoñece aínda unha estrutura a cabalo do gótico final, recoñecible nas columnas e basas poligonais semellantes ás que se poden ver no edificio actual do Museo e máis no Pazo dos Oca (Liceo), e os influxos do renacemento visibles nas portas con gran arco de medio punto e grandes dovelas de cantería, que poden ter unha cronoloxía axeitada cas primeiras mencións como Casa do Correxidor nos tempos dos Reis Católicos.

O lateral do poniente, no que abría a entrada principal da que fican aínda algúns restos e estribos, desapareceu por mor dunha construción recente. O lado sur non se conserva anque hai sinais das basas e algunhas destas e fustes das columnas aparecen revoltos no lugar. O mellor conservado é o lado norte, embutida a estrutura nunha reforma posterior de pallabarro e cachote. Dende o patio se accede a todo un conxunto formado por agregación de elementos, de orixe pouco definida, que podería arrancar do século XIII según as noticias documentais anque os restos conservados hoxe sexan posteriores a esta data, testemuña de obras e remodelacións dos anos finais do século XV e outras dos séculos XVI e XVII namentras que outras, máis recentes e que alteran o seu carácter, son xa de finais do XIX e deste propio século XX.

No lateral do nacente do patio hai unha edificación que na súa parte baixa preenta unha gran porta de arco lixeiramente apuntado e dovelado, á dereita, de grande amplitude e que abre sobre uns pequenos cuartos, semialterados por mor do desnivel do terreo, sen apenas luz e con parede de cachotería apoiados na propia rocha tallada. Na esquerda, unha porta máis pequena, con grandes dovelas realzando un arco de medio punto. No primeiro andar un gran balcón corrido, de madeira, ó que abren dous vanos, un adintelado e outro con arco rebaixado. Sobre este andar, dous máis, de pallabarro, prolongan eiquí a estrutura do norte.

O ala norte inclúe dúas construcións, agora enlazadas. Á dereita, entrando dende o patio, unida a que acabamos de describir, o que se corresponde ca antiga *Torre de Cimadevila ou do Tendal da Figueira*, con catro plantas. Dende o patio, por unha parte moderna, que ten como laterais, sillares partidos dunha antiga cañería, pásase a unha estancia, ampla e que foi lagar, que nas súas paredes tería sendos portalóns con arcos de medio punto, recheo pola metade o do poñente e reformado cun a xeito de arco de descarga o do nacente. Polo exterior, no primeiro andar, ó que se chega por unha escaleira que salva o desnivel, as fiestras que rica moldura floreada, góticas. As restantes son modernas. Na fachada este, unha porta moderna rasga unha fiestra antiga e, en altura, aprécianse varios vanos rasgados e cegados.

O ala sur, que se prolonga até a fachada actual da Praza, é unha construción moi alterada e ruínosa, que se edificou ó longo do século XVII, aproveitando as estruturas existentes e que recibiu novas engádegas no XIX que ocultan as obras máis antigas, e que no seu estado actual impiden un recoñecemento máis polo miúdo que permita localizar e coñecer millor a súa estrutura e elementos.

Esta construción permite que nos fagamos unha idea cabal de como na época dos Reis Católicos deben de construírse segundo o modelo que aparece tamén noutras casas ourensáns da época, cas que garda concidencias formais na forma das basas e das columnas, nas amplas portadas doveladas, etc..., anque presenta tamén elementos que nos levarían a épocas anteriores como as fiestras rasgadas e os remates de ventanal gótico xa referidos. Sen dúbida un recoñecemento máis polo miúdo, permitirían localizar máis elementos sustantivos do edificio.

Notas históricas do edificio.

Son poucas aínda as noticias de que dispomos sobor destas Casas Reais e a súa orixe é confusa, anque puido ser unha torre, que tiña unha situación estratéxica na parte alta da Cidade, dominando o caseo e, incluso, a Catedral, pero, situada extramuros case, debía ter bós apoios defensivos, suavizados logo. Na documentación medieval encontramos unha Torre que no Tendal da Figueira posuía o Duque de Arjona; emporiso pode sospeitarse tamén que pertencera a algún dos Adelantados ou Corregidores medievais que, exercendo en Galicia, tivese eiquí a súa morada. O seu solar era inmediato o que, no seu momento, ocupou o primeiro dos Conventos dos Franciscanos de Ourense e, de seguir ó P. Calonge⁵, os res-

5.- P. Doroteo CALONGEO, F.M. *Los tres conventos franciscanos de Orense*. Orense, 1948.

tos góticos serían restos daquel, o que non parece polas cronoloxías atribuíbles a ún e outros.

O que sí coñecemos é que na época dos Reis Católicos se constrúen uns “predios reales” no Tendal da Figueira para residencia dos Correxidores, e que algúns dos restos poderíanse vencellar con este momento como o xugo e as flechas do escudo da fachada.

Logo as noticias son escasas. No 1520 existía xa o cárcere real, cando o Tenente do Merino de Benquerenza, do Conde de Altamira, solicita que se prenda unha muller, criada do clérigo Vasco Gómez, por haberse escapado e que se a admita na Carcel Real, namentras o comunica á Audiencia⁶.

En 1523, Violante Vázquez de Puga reclama a S.M. os 30.000 mrs. que lle debían polas casas que por parte de S.M. “me foron tomadas y resçevidas para la audiencia real y Cárcel della”⁷.

Cicais desta época sexan as armas que campan no escudo sostido por águia con cabeza frontal, timbrado de coroa real e flanqueado de xugo e flechas como xa dixemos. Trátase dun escudo cuartelado I, II, III e IV. I e IV contracuartelado: 1, 2, 3, 4; 1 e 4: a, b, c, d; a, d: Castillo; b, c: León. 2. Partido: a, b; a: Jerusalén; b: Aragón-Sicilia. 3. Partido: a, b; a: Aragón, demidiado; b: Aragón-Sicilia, Entado en punta: Granada. II e III. Contracuartelado: 1, 2, 3, 4, . 1, Hungría. 2, Borgoña moderno e Anjou. 3, Borgoña antiguo. 4, Brabante. En abismo, escusón partido: 1, Flandes; 2, Tirol. /Lám. II/.

Seguidamente as primeiras noticias chegan en 1540, no que o 13 de maio, os Xuices requiren ós Rexidores para que rematen o cárcere do Concello, pois a Cárcel Real que tiña a Audiencia ía ser ocupada polo Gobernador que viña á Cidade⁸.

Vinte anos despois, o Marqués de Cerralbo, Gobernador e Capitán General de Galicia, dicta en 22 de xuño de 1561 Provisión á Cidade sobor da residencia dos Rexidores, visita do cárcere, etc... e na mesma, recibida e notificada ó Concello de Ourense o 27 figura “...por quanto la casa real que su magestad tiene en esta dicha çiudad de Orense se ba arruynando por falta de abitaçion mandamos a los dichos alcaldes y regidores pongan en ella una persona que la more y abite y tenga limpia y reparada so pena de diez mill maravedís...”. O Concello ordenou que morase nelas Juan

6.- A. D. Or. Corregimiento, papeles sueltos.

7.- AHPOr. Prot. de Pero Fernández, 1523, f. 45.

8.- AHPOr. Municipal. Acuerdo. Libro 8, f. 461.

Novoa de Puga, substituto do Procurador Xeral⁹. E aínda tres anos despois, no 1564, podemos encontrar outra noticia na que un veciño Nuño González Sotelo pretendeu comprar a casa e cárcere real ca súa horta ofertando ante o Alguacil Maior da Real Audiencia, Diego de Ribera, en 700 ducados¹⁰. A posta aceptáronna, anque non se debeu de concretar xa que no 1566 fíxose unha fiestra de asento con reixa de ferro por 15 ducados¹¹.

Logo, as noticias reitéranse nos anos sucesivos ao chegar a Ourense no mes de nadal do 1571, o Licenciado Vivanco como primer Correxidor Real da Cidade que se ve na obriga de rehabilitalas para dispoñer nelas da súa morada, comentando referencias nas dúas cartas que escribiu ó Rei e se conservan¹². Amáis de reformalas para vivenda quixo tamén emplealas como Cárcel Real segundo consta nun acordo municipal do 1572 no que se dispón que os presos da cárcel da rúa das Chousas (hoxe da Libertad) pasen á Cárcel Real, e como ésta encontrábase algo arruinada e compría facer reformas mandaron que Correxidor e Procurador General concertasen as obras con rapidez¹³. Na mesma liña pode sinalarse a petición, dada en 26 de abril do mesmo ano, dunha provisión real para conceder 1.000 ducados nas penas de cámara por dez anos “atento que su Magestad tiene en esta ciudad unas casas reales y por no se aver hasta agora abytado están arruynadas e mal reparadas e la Casa de Cárcel questa çerca dellas se a de hedeficar para Cárcel desta çibdad, porque la que ay hes mal segura”¹⁴.

O Correxidor Vivanco cumpriu o acordo depresa e no 15 do mes de outono mandaba poñer as reixas de ferro e o 23 estaban xa instaladas, tarefa da que se encarregou Jacomé de Moure e tres oficiais¹⁵. Fixéronse tamén as xestións para conseguir a Real Provisión e o diñeiro, anque o Lcd^o. Vivanco xa non coñeceu esas noticias pois morreu denantes, no 1573, de peste e nas propias Casas Reales pois diante da epidemia declarada e non desexando desamparar ó pobo a pesares de que os principais da Cidade: Cabildo, Rexidores e Procurador General, marcharan, ficou no seu posto sufrindo o mal. Enterráronno en San Francisco, tras se converter en fillo obediente da Igrexa cando se veu no trance da morte¹⁶. Daquela

9.- AHPOr. Monucipal Orense Mazo Libro 176, f. 245.

10.- AHPOr. Prot. Juan Sotelo. 1564, f. 164.

11.- AHPOr. Municipal. Mazo. Libro 176. f. 290.

12.- Publicadas en BCPMOrense, VII, fasc. 165, pág. 369. 1925.

13.- AHPOr. Sec. Municipal. Acuerdos, 1572, f. 65.

14.- AHPOr. Municipal Orense. Actas. 1572, f. 69.

15.- AHPOr. Municipal Orense. Actas 1572, f. 101 y 282.

16.- Libro de Bautismo de St^a. Eufemia. 10 de novembro de 1572. Nota do Br. Antonio López Cárdenas, cura de St^a. Eufemia, publicada no BCMP Orense XII, fasc. 227, pág. 47; 1936.

chamábanse xa Praza e Casas do Correxidor ás que até aquel entón coñecíanse como Praza do Pan e Tendal da Figueira.

No ano seguinte, 1574, rematada a peste, o Procurador General da Cidade, Lope de Miranda, gastou algúns maravedíes en arranxar e limpar as casas, darlles un baño de vinagre e poñelas cómodas para entrar nelas por causa de “haberse muerto en ellas de peste el corregidor pasado y dos alguaciles”¹⁷. Nese mesmo ano recibíuse a Real Provisión, por cédula de 24 de decembro, que accede a conceder as penas de Cámara que se solicitaron, pensándose nos predios colindantes que se compraron ó Maestrescuela da Catedral, don Rodrigo de Arrojo Valcacer, unha casa e adegas lindantes con casas de Luis Antonio de Nóvoa e cas casas que ficaran de Domingo Valcacer, carniceiro, e que saían pola traseira á horta das Casas Reais, con entrada e saída pola rúa e praza do Tendal, casa pola que se pagaron 300 ducados¹⁸.

A construción non debeu ser de gran calidade, xa que si no 1583 o cárcere vello arréndao o Correxidor Ld^o. Bueras por un ano, no 1613 o Concello merca a casa do pintor Fructuoso Manuel para unila ó cárcere vello da rúa das Chousas e facer nela aposentos de mulleres e homes, ó volver a ela os presos por haberse caído a nova e ser moi costoso restaurala¹⁹.

A pesar da ruína do cárcere, as casas do Correxidor seguían habitadas e facíanse reformas. Nunha das portas consérvase unha na que figura a inscrición: SIENDO COREGIDOR POR/SU MAGestad EL LicenciaDO BALTASAR DE LAFUenTE/ VERGARA VENTIQU/TRO DE GRANADA/ 1.620, enmarcada entre dúas granadas esculpidas, que revela obras nestas datas, nas que o tellado amenazaba ruína²⁰.

Novas obras documéntanse no 1678 e seguintes, probablemente un lugar, atendendo o lugar no que figura a inscrición, un penso: SIENDO CORRE/JIDOR POR SV MAGestD/ El LicenciaDO D FRANCisCO MA/Nuel DE MATA AÑO DE/ 1678. No 1692 reparanse con cargo o diñeiro sobrante do repartimento dos soldados por Flandes²¹.

Xa no século XVIII coñecemos un reparto para o seu arranxo, segundo acordó do 20 de decembro de 1755 e noutro do 30 de decembro de 1779

17.- AHPOr. Municipal Acuerdo 18 marzo 1574, f. 282.

18.- Protocolo Juan Soto. 1581, f. 57.

19.- AHPOr. Port. de Alonso Vázquez Ojea, 1613, f. 107.

20.- O. GALLEGO DOMINGUEZ “Torres, puertas...” cit. AHPOr. Sec. Municipal. Acuerdo 19 noviembre 1623.

21.- AHPOr. Municipal Acuerdos. 17 julio.

fálase dos traballos na Casa do Correxidor ca súa Torre que mira o Convento de San Francisco.

Abandono

No 1857 arréndase por tres anos esta Casa, encontrándose en mal estado²² e dous anos dempois solicítase a venda aplicando a Lei de 1 de maio de 1855²³, vendéndose deseguida, como propios, a Juan Esteban de Temes no 24 de marzo, constando a nota de que era Casa-Escola na Praza do Correxidor número 11²⁴.

No ano 1905, figura na libreta de Aparejadores para a confección do Registro Fiscal de Edificios y Solares como número 16 da Praza do Correxidor, formando ángulo. A superficie cuberta era de 515, 90 metros cadrados e a horta de 701.60 m².. A liña de fachada tiña once metros lineais, correspondendo seis á fachada oeste e cinco ó norte da praza. O patio medía 11'30 por 6'60 m. e a horta 33 por 16'70 e 8 por 9'50 m. Era propiedade de don Agustín Rodríguez Rodríguez, que vivía na mesma casa. Tiña pranta baixa, piso, entresuelo e tres andares, sendo a superficie edificada de 28 por 18'80 m. e de 5 por 12'80 m.²⁵.

22.- AHPOr. Municipal. Caja 109.

23.- AHPOr. Municipal. Caja 107.

24.- AHPOr. Caja 80/16. 107.

25.- AHPOr. Hacienda. Caja 799.







